



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE ONCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE**  
**(ACTA NÚMERO 47)**

**Presidente:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

**Sres. Deputados:**

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D<sup>a</sup>. José Luís Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **once de outubro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia da Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, de conformidade coa Resolución da Presidencia de data 11 de outubro de 2019, por ausencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca e da Sra. Vicepresidenta D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, a Sra. Vicepresidenta D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón e a señora Deputada D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de outubro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DO “SERVIZO PARA LA EJECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIONES DE CONSERVACIÓN EN LA RED VIARIA PROVINCIAL 2019-2021. ZONA 5– FONSGRADA, NEGUEIRA DE MUÑÍZ, RIBEIRA DE PIQUÍN E NAVIA DE SUARNA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

Por acordo da Xunta de Goberno de data 30 de agosto de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e o de Prescricións técnicas (PPT), expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 751.627,80 €, (IVE incluído), segundo consta no expediente, correspondente a Servizo para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021. Zona 5 – Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna.



En data 03 de setembro de 2019, a través da plataforma de Contratación do Sector Público, solicitouse oferta ás mercantís indicadas no acordo da Xunta de Goberno, concedéndolles un prazo de 10 días naturais para a achega de documentación e ofertas para a contratación do referido servizo por procedemento negociado sen publicidade e mediante tramitación urgente.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 18 de setembro de 2019 deuse conta das empresas que presentaron oferta, que foron todas as invitadas, á licitación do servizo identificado como Servizo para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021. Zona 5 – Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia De Suarna segundo invitación cursada a través da plataforma de Contratación do Sector Público.

De seguido procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa (sobre/arquivo 1) presentada polas empresas invitadas á licitación indicada, non observándose deficiencias na mesma, acordouse, por unanimidade, aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do sobre/arquivo “2”, contendo a proposición relativa á primeira fase da negociación, para a licitación, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (50)  PREZO (IVE incluído - art 102 )	OUTROS (30)											CRITERIO DESEMPATE  Plantel / Discapacitados	
		VEHICULOS ECOLOXICOS (5)				ASISTENCIA TÉCNICA INSPECCIÓN OBRAS PASO (5)	EXECUCIÓN CUNETA TRIANGULAR (10)	FOMENTO CONTRATACIÓN INDEFINIDA (5)			FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMENINA (5)			
		FURGONETA		FURGÓN				OPCIÓN (SI/NO)	METROS	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS		TOTAL
GLP (1)	ELECT. (2)	GLP (1)	ELECT. (3)	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	TOTAL						FEMENINA	
1 CARFERLO SL	751.627,80 €	-	-	-	-	NO	0,00	27,00	27,00	100,00	27,00	5	18,52 %	27/0
2 COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	744.246,87 €	-	-	-	-	NO	20,00	862,00	540,00	62,65	862,00	92	10,67 %	862/15
3 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	751.627,80 €	-	-	-	-	SI	0,00	54,00	29,00	53,70	54,00	1	1,85 %	54/1
4 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	751.627,80 €	-	-	-	-	NO	0,00	40,00	19,00	47,50	40,00	3	7,50 %	40/1

A vista das ofertas presentadas, e tendo en conta o establecido na cláusula 16 do PCAP, a mesa acordou, por unanimidade, que polo Servizo de Contratación e Fomento se inicie a ronda de negociación, cursando o pertinente convite ás mercantís, ben a través de correo electrónico facilitada a efectos de negociación ou a través da plataforma de contratación, para que, no prazo máximo de tres días, contados a partir do día seguinte a que se curse o convite, no que se facilitará os mellores valores resultantes da primeira fase nos criterios a negociar na segunda fase, presenten

proposta de incremento nos criterios a negociar (prezo e metros de cuneta triangular), a través da plataforma de contratación do sector público.

Por escrito de data 20 de setembro de 2019, foron convidadas as empresas anteriormente sinaladas, a través da Plataforma de Contratación do Sector público, en data 23-09-2019, para que presentaran oferta relativa aos criterios a negociar na fase segunda (fase de negociación), outorgándolle de prazo, tres días hábiles, a partir do día seguinte ao convite, e dicir ata as 23.59 horas do día 26-09-2019.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 27 de setembro de 2019 procedeu á apertura do arquivo “oferta fase negociación”, contendo a proposición para a licitación, na segunda fase, relativa aso criterios a negociar, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (10)	EXECUCIÓN CUNETA TRIANGULAR (10)
		PREZO ( IVE incluído .- art 102 )	
			METROS
1	CARFERLO SL	751.627,80 €	0,00
2	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	744.246,87 €	0,00
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	751.627,80 €	100,00
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	Non presenta	Non Presenta

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), comprobouse si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	CARFERLO SL	751.627,80 €
2	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	744.246,87 €
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	751.627,80 €
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	751.627,80 €

MEDIA 749.782,57
BAIXA DESPROPORCIONADA 674.804,31
10% ARRIBA 824.760,82

A vista do anterior, tendo en conta que ningunha das empresas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a mesa acordou a valoración das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula



12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor na licitación do servizo, tanto da fase primeira como segunda como a suma de ambas. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (50)		OUTROS (30)										TOTAL PUNTOS FASE 1
		Oferta	PTOS	VEHICULOS ECOLÓGICOS (5)		ASISTENCIA TECNICA INVENTARIO OBRAS PASO (5)		CUNETAS TRIANGULAR (10)		FOMENTO INDEFINIDOS (5)		FOMENTO FEMENINA (5)		
				OPCIÓN	PTOS	SI /NO	PTOS	METROS	PTOS	% INDEF	PTOS	% FEM	PTOS	
1	CARFERLO SL	751.627,80 €	0,00	-	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	100,00	5,00	18,52	5,00	10,00
2	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	744.246,87 €	50,00	-	0,00	NO	0,00	20,00	10,00	62,65	3,13	10,67	2,88	66,01
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	751.627,80 €	0,00	-	0,00	SI	5,00	0,00	0,00	53,70	2,69	1,85	0,50	8,19
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	751.627,80 €	0,00	-	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	47,50	2,38	7,50	2,03	4,41

	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (10)		CUNETAS TRIANGULAR (10)		TOTAL PUNTOS FASE 2
		Oferta	PTOS	CUNETAS TRIANGULAR (10)		
				METROS + 20	PTOS	
1	CARFERLO SL	751.627,80 €	0,00	0,00	0,00	0,00
2	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	744.246,87 €	0,00	0,00	0,00	0,00
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	751.627,80 €	0,00	100,00	10,00	10,00
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	No presenta	0,00	No presenta	0,00	0,00

	EMPRESAS / (GRUPO)	PUNTOS FASE 1	PUNTOS FASE 2	TOTAL PUNTOS (1+2)
1	CARFERLO SL	10,00	0,00	10,00
2	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	66,01	0,00	66,01
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	8,19	10,00	18,19
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	4,41	0,00	4,41

Por canto antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou que se eleve ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 27 de setembro de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		TOTAL PUNTOS (1+2)
1	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	66,01
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	18,19
3	CARFERLO SL	10,00
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	4,41

Requirir ao contratista COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 5 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación deste servizo”

Por escrito con rexistro de saída de data 30 de setembro (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do mesmo día) foi requirida a mercantil indicada na Resolución da Presidencia, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e as garantías definitivas relativas, por importe do 5% do importe de adxudicación, documentación que foi achegada en tempo e forma.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación do servizo, e unha vez fiscalizado o procedemento pola Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución do Servizo para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021. Zona 5 – FONSAGRADA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, RIBEIRA DE PIQUÍN e NAVIA DE SUARNA conforme ao PCAP e PPT aprobados pola Xunta de Goberno en data 30 de agosto de 2019, segundo se indican:

ZONA 5		ADXUDICATARIO	IMPORTE ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)	COMPROMISOS:
ZONA 5	CONCELLOS DE FONSAGRADA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, RIBEIRA DE PIQUÍN E NAVIA DE SUARNA	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SA, co, representada por D. José Ignacio Macarrón Fernández	TOTAL: 744.246,87€ ANUALIDADES: 2019: 72.385,65 € 2020: 372.123,44 € 2021: 299.737,78 €	EXECUCIÓN DE 20 M DE CUNETA TRIANGULAR COAS CARACTERÍSTICAS SINALADAS NO PCAP (CLAUSULA 12)



A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 372.123,44 €, e para a anualidade 2021 a cantidade de 299.737,78 €.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluídas no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no artigo 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución do servizo deberán de proveerse da mesma antes da iniciación do mesmo.

Así mesmo consta informe complementario de data 08/10/2019 do servizo de Contratación e Fomento relativo á solvencia económica e técnica presentada pola mercantil COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SA, así como informe técnico do autor do PPT relativo á solvencia técnica e profesional presentada pola amentada mercantil.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a execución do “Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021. Zona 5 – Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia De Suarna”, conforme ao PCAP e PPT aprobados pola Xunta de Goberno en data 30 de setembro de 2019, segundo se indican:

ZONA 5		ADXUDICATARIO	IMPORTE ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)	COMPROMISOS:
ZONA 5	CONCELLOS DE FONSGRADA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, RIBEIRA DE PIQUÍN E NAVIA DE SUARNA	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SA, representada por D. José Ignacio Macarrón Fernández	TOTAL: 744.246,87€ ANUALIDADES: 2019: 72.385,65 € 2020: 372.123,44 € 2021: 299.737,78 €	EXECUCIÓN DE 20 M DE CUNETAS TRIANGULARES CON CARACTERÍSTICAS SINALADAS NO PCAP (CLAUSULA 12)

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 372.123,44 €, e para a anualidade 2021 a cantidade de 299.737,78 €.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requiritur ao adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución do servizo deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE QUIROGA, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**





Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga, no que solicita prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018,. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.

Nas devanditas bases (Base 21) estableceuse, no relativo á xustificación dos investimentos “... todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2019. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

Por acordo do Pleno, de data 24 de setembro de 2019, acordouse a modificación do plan único 2018, correspondente ao Concello de Quiroga, modificándose a seguinte actuación:

236	IDENTIFICACIÓN	ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO				
	FINANCIACIÓN	58.631,10	14.482,82	73.113,92		x

Incluíndose no plan as seguintes:

236-A	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DO ABASTECIMENTO E DA ETAP DA ERMIDA				
	FINANCIACIÓN	35.947,98	13.368,90	49.316,88		x
236-B	IDENTIFICACIÓN	MELLORA E ADECUACIÓN DA INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO DE AUGA DO NÚCLEO DE SANTA ANDREA (QUINTÁ DE LOR)				
	FINANCIACIÓN	22.683,12	0,00	22.683,12		x

E acordando igualmente uns novos prazos para adxudicación, execución e xustificación dos investimentos, quedando do seguinte xeito:

INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
MELLORA DO ABASTECIMENTO E DA ETAP DA ERMIDA	15 OUTUBRO DE 2019	15 DE NOVEMBRO DE 2019	30 DE NOVEMBRO DE 2019
MELLORA E ADECUACIÓN DA INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO DE AUGA DO NÚCLEO DE SANTA ANDREA (QUINTÁ DE LOR)	15 OUTUBRO DE 2019	15 DE NOVEMBRO DE 2019	30 DE NOVEMBRO DE 2019

A Alcaldía do concello de Quiroga, solicita, a través de escrito de data 02/10/2019, unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato do investimento identificado co número 236-A e nomeadamente Mellora do abastecemento e da ETAP da Ermida, de proceder, polos prazos que se sinalan, ao indicar “... polo procedemento de contratación non é posible cumprir o prazo de adxudicación” sen modificación dos prazos de execución e xustificación:

INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
MELLORA DO ABASTECIMENTO E DA ETAP DA ERMIDA (236-A)	31 OUTUBRO DE 2019	15 DE NOVEMBRO DE 2019	30 DE NOVEMBRO DE 2019

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do concello de Quiroga, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, “os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”; e 21 das bases “...excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.



Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga ao Concello de Quiroga para a adxudicación e formalización, e manténdose as datas fixadas para a execución e xustificación dos contratos do referido investimento, concreto e numerado, incluídos no Plan único 2018 por modificación aprobada polo Pleno en data 24-09-2019, e ata o prazo solicitado e que a continuación se indica:

INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
MELLORA DO ABASTECEMENTO E DA ETAP DA ERMIDA (236-A)	31 OUTUBRO DE 2019	15 DE NOVEMBRO DE 2019	30 DE NOVEMBRO DE 2019

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga, e, en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación, do investimento indicado deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV) e a xustificación nos termos indicados nas bases.

INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
MELLORA DO ABASTECEMENTO E DA ETAP DA ERMIDA (236-A)	31 OUTUBRO DE 2019	15 DE NOVEMBRO DE 2019	30 DE NOVEMBRO DE 2019

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE CHANTADA, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Chantada no que solicita prórroga para poder executar e xustificar investimentos, incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído, polos concellos indicados os investimentos e actuacións sinaladas.

Nas devanditas bases (Base 21) estableceuse, no relativo á xustificación dos investimentos “... todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2019. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

A Xunta de Goberno, en data 27-09-2019, acordou “...Determinar que as solicitudes de prórrogas, para a execución e xustificación dos investimentos do plan único 2018, de proceder, efectuadas dentro do prazo previsto nas bases (30 de setembro de 2019), pero recibidas na Deputación con posterioridade a esa data límite, o órgano competente, conforme aos criterios e pautas fixadas nas bases e en exercicios anteriores, pode entenderse que son susceptibles de seren autorizadas pola propia Xunta de Goberno, aínda que en acordo adoptado con posterioridade ao 30 de setembro de 2019”.

A Alcaldía do concello de Chantada, solicita, a través de escrito con Rexistro de saída do Concello de data 30-09-2019, unha prórroga para executar/xustificar un investimento, polos motivos e prazos que se sinalan nos apartados seguintes:



Concello de Chantada:

O concello de Chantada incluíu, por acordo da Xunta de Goberno, de data 02/04/2019, ao abeiro do Plan único 2018, con cargo a remanentes producidos na adxudicación de obras inicialmente incluídas no plan, o seguinte investimento:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
EXECUCIÓN DE ESTRUCTURA PARA CUBERTA DE PISTA DE PÁDEL	3410 76255	39.897,63€	2.047,24€	41.944,87€

A Alcaldía do Concello de Chantada, a través de escrito con rexistro de entrada de data 03 de outubro de 2019, (Saída do Concello de data 30/09/2019), solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ .. non se axusta ás indicacións do proxecto, discrepancias dimensionais... faise necesario un novo pedido de material...” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
CHANTADA	EXECUCIÓN DE ESTRUCTURA PARA CUBERTA DE PISTA DE PÁDEL	REM	15-10-2019	15-10-2019

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do concello indicado, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, aplicando, no caso do programa de fomento do emprego, analoxicamente, o establecido na base 21 das bases reguladoras do Plan único 2018, “... excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, sinala “... la administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio, o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos...”. Así mesmo, no apartado 3 deste mesmo artigo, indica “... la decisión sobre la ampliación deberán producirse, en todo caso, antes del vencimiento del plazo de que se trate. En ningún caso podrá ser objeto de ampliación un plazo

ya vencido”. Neste caso o prazo para executar as actuacións vence o 30/09/2019 e o de presentar a xustificación vence o 15-10-2019, non se atopa polo tanto, vencido ningún deles.

Debe ponderarse, para resolver a petición do Concello, a competencia e función da cooperación do ente provincial, cos concellos (art. 36 LBRL), así como os principios relacionados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a) servizo efectivo ao cidadán, b) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga, ao amentado Concello, para executar e xustificar a actuación indicada incluídas no plan provincial único 2018, ata os prazos solicitados.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía dos Concello de Chantada, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos, nos termos indicados:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
CHANTADA	EXECUCIÓN DE ESTRUCTURA PARA CUBERTA DE PISTA DE PÁDEL	REM	15-10-2019	15-10-2019

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA RÁBADE.- ACONDICIONAMIENTO LU-P-5102 (RÚA MÚSICO CRISANTO), P.K. 0+033 A 0+184.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

O proxecto da obra de RÁBADE.- Acondicionamiento LU-P-5102 (Rúa Músico Crisanto), PK 0+033 a 0+184 foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 01/03/2019 por un importe de 199.464,81€, dos cales 34.617,86€ corresponden ao IVE.

A obra foi adxudicada a empresa DESMACO SLU, por acordo da Xunta de Goberno de data 14/06/2019, na cantidade de 149.379,19 € dos que 25.925,31€ corresponden ao IVE, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, por importe de 3.000,00 € e 630,00 € de IVE e prazo de execución de 6 meses.

Con data 26/06/2019 formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.

Na data do 08/10/2019, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento, copia de Acta de Suspensión total das obras, de data 20 de agosto de 2019, na que indica “... se comprobó que había habido un error de proxecto puesto que se ha incluido la pavimentación de la calzada con adoquín de hormigón, cuando es necesario ejecutarlo con adoquín de granito para dar continuidad a la estética existente en dicha carretera ...”, así como de informe do Director da obra, de data 09/10/2019, e conformado polo representante da empresa adxudicataria, de modificación do contrato identificado na cabeceira, no que indica:

“(…)

Que una vez iniciados los trabajos se comprobó que había habido un error de proxecto puesto que se ha incluido la pavimentación de la calzada con adoquín de hormigón, cuando es necesario ejecutarlo con adoquín de granito para dar continuidad a la estética existente en dicha carretera.

A juicio de esta directora técnica, debido a la gran resistencia al desgaste que presenta el adoquín de granito, se mejoran las condiciones de durabilidad del pavimento, y por tanto se reducen los costes de conservación, aumentando la seguridad vial de los usuarios de la vía. Debido a estas circunstancias, se considera necesaria la modificación del proyecto siendo necesaria la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en éste. Que debido a esto es necesario hacer una reprogramación del plan de obra por la necesidad de la redacción de un proyecto modificado. Por todo ello, por la directora técnica que suscribe, se propone la suspensión total de las citadas obras hasta que se apruebe el correspondiente modificado, procediéndose en ese momento la reanudación de las obras mediante la firma de su correspondiente acta.

Que la modificación propuesta no se considera sustancial, puesto que es un cambio en el material empleado para pavimentar la calzada, no siendo incluido en el proyecto inicial debido a un error material.

Por todo lo expuesto, esta Directora Técnica propuso la suspensión total de la obra hasta que el órgano de contratación estime la procedencia de la redacción del proyecto modificado citado, procediéndose en ese momento a la reanudación de las obras mediante la firma del acta correspondiente.

La suspensión afecta a toda la obra, adjuntándose el acta de suspensión de fecha 20 de agosto de 2019 y la medición de la obra ejecutada hasta el momento tal y como establece el artículo 103 del Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento general de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas.

A continuación se exponen los motivos por los que se considera necesario proceder a la modificación así como una descripción básica de las obras a realizar según el artículo 205.2.c) de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

Que una vez iniciados los trabajos se comprobó que había habido un error de proyecto puesto que se ha incluido la pavimentación de la calzada con adoquín de hormigón, cuando es necesario ejecutarlo con adoquín de granito para dar continuidad a la estética existente en dicha





carretera, lo que conlleva la modificación del proyecto pasando a denominarse Proyecto modificado Nº1 de: Acondicionamiento LU-P-5102 (Rúa Músico Crisanto), PK 0+033 al 0+184. RÁBADE.

A los efectos del artículo 235 Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, se hace constar los trabajos presupuestados no afectan a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.

Que será necesario solicitar al Servicio de Intervención más crédito del vigente ya que se producirá un incremento de gasto de treinta y un mil ciento cinco euros con ochenta y tres céntimos (31.158,83) al ser necesario la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en éste; dichas modificaciones presentan un incremento económico del 20,86 % respecto al presupuesto primitivo.

Que tal y como establece el artículo 242.4.b) de la vigente Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, se le ha dado audiencia al contratista mostrando éste su conformidad”.

### Consideracions Xuridicas

O artigo 205.1 da Lei 9/2017, de 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), indica, en canto a modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares, “... solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos: a) que encuentre justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo; b) que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria”. En relación co indicado no apartado a) precedente, o amentado apartado segundo indica “...2. Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

(...)

b) Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

1.º Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

2.º Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

c) Cuando las modificaciones no sean sustanciales. En este caso se tendrá que justificar especialmente la necesidad de las mismas, indicando las razones por las que esas prestaciones no se incluyeron en el contrato inicial.

Neste caso, o suposto que xustifica a modificación sería o c), cando as modificación non sexan sustanciáis, según se indica no informe da Dirección Técnica, "... la modificación propuesta no se considera sustancial, puesto que es un cambio en el material empleado para pavimentar la calzada, no siendo incluido en el proyecto inicial debido a un error material"

A modificación proposta, entendemos, non afecta ao fin do contrato, que incluso aparenta cumprirse mellor, nin tampouco á relación entre o obxecto e o prezo e as calidades básicas requiridas ao contratista. Inda que existe incremento de prezo no contrato, non muda o procedemento aplicado (aberto), e non afecta á publicidade aplicada e non convirte o procedemento en suxeito a regulación harmonizada ou susceptible de recurso especial en materia de contratación.

A documentación remitida a este Servizo de Contratación e Fomento pola Dirección da obra xustifica a concorrencia das circunstancias que habilitan a modificación. Neste sentido, o cambio do material empregado, dándolle así continuidade á estética existente na citada estrada. Así a actuación de rehabilitación prodúcese no firme da mesma estrada, conforme a normativa contractual, á técnica de execución das obras e mesmo ás bases do acordo polas partes, en sede contractual, engarzado co deber de boa administración.



Aos efectos do establecido no artigo 206 LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluído”. Neste suposto, segundo os cálculos achegados pola Dirección Técnica, a modificación supera o 20%, concretamente supón un incremento económico do 20,86%, o que supón unha cantidade de 31.158,83€, dos cales 5.407,73€ corresponden ao IVE. Non obstante, a modificación aparece aceptada polo contratista, con sinatura de conformidade, tanto no informe como no proxecto modificado.

Tratándose dun contrato de obras, en relación co artigo 206 LCSP, debe atenderse ao establecido no artigo 242, que indica “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles”.

Este trámite enténdese cumprido coa sinatura de conformidade do contratista no proxecto e informe da dirección técnica.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109 LCSP, que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela ( a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

Neste caso procede re axuste de garantía ao variar o prezo do contrato, establecéndose o importe a re axustar en 1.287,56€, o que supón o 5% da modificación (sen IVE).

A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no Artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro ( RXLCAP). Neste caso non se prevee reaxuste do prazo de execución.

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 2.1 “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial”, o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018).

### Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a modificación contractual proposta pola Dirección técnica da obra RÁBADE.- Acondicionamiento LU-P-5102 (Rúa Músico Crisanto), PK 0+033 a 0+184 entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o proxecto modificado da obra RÁBADE.- Acondicionamiento LU-P-5102 (Rúa Músico Crisanto), PK 0+033 a 0+184 redactado pola Enxeñeira Directora das obras, por importe de 241.070,94€, dos cales 41.838,76€ corresponden ao IVE.

Adxudicar o contrato modificado da obra RÁBADE.- Acondicionamiento LU-P-5102 (Rúa Músico Crisanto), PK 0+033 a 0+184 á mercantil DESMACO SLU., que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 180.538,02€, o que supón un incremento de 31.158,83€ dos que 5.407,73€ corresponden ao IVE; e manténdose tanto o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas cun importe de 3.000,00 € e 630,00€ de IVE como o prazo de execución de 6 meses que figuran no contrato primitivo.



Requirir a empresa para que re axuste a fianza definitiva na cantidade de 1.287,56€, no prazo de 15 días dende a notificación do presente.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar someter o proxecto modificado a información pública, aos efectos establecidos no art. 93 do R.D. 781/1986.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Á vista do anterior e tendo en conta que na memoria do modificado e no informe do director técnico das obras manifestase que non se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación, tendo en conta os informes dos Servizos propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o proxecto modificado da obra RÁBADE.- Acondicionamiento LU-P-5102 (Rúa Músico Crisanto), PK 0+033 a 0+184 , redactado pola Enxeñeira Directora das obras, por importe de 241.070,94€, dos cales 41.838,76€ corresponden ao IVE.

**2º.-** Adxudicar o contrato modificado da obra RÁBADE.- Acondicionamiento LU-P-5102 (Rúa Músico Crisanto), PK 0+033 a 0+184 á mercantil DESMACO SLU, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 180.538,02€, o que supón un incremento de 31.158,83€ dos que 5.407,73€ corresponden ao IVE; e manténdose tanto o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas cun importe de 3.000,00 € e 630,00€ de IVE como o prazo de execución de 6 meses que figuran no contrato primitivo.

**3º.-** Requirir a empresa para que re axuste a fianza definitiva na cantidade de 1.287,56€, no prazo de 15 días dende a notificación do presente.

4º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

5º.- Determinar someter o proxecto modificado a información pública, aos efectos establecidos no art. 93 do R.D. 781/1986.

6º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes.

Visto o informe xurídico administrativo no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo, coa finalidade de proceder á contratación do servizo de control de calidade na execución das obras e servizos da Deputación de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos seus artigos 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.



Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención de un resultado, distinto de unha obra ou unha subministración.

É susceptible de recurso especial en materia de contratación, dado que o valor estimado supera os 100.000 euros. É un contrato suxeito a regulación harmonizada.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á posibilidade que, a estes efectos, establece o artigo 131 da LCSP.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

A necesidade administrativa, a insuficiencia de medios e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan nos Informes respectivos da Xefa de Sección de Benestar Social e Igualdade.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, a división en lotes pasa a ser a regra xeral e debe xustificarse a non división. Incorporárase ao expediente xustificación da non división en lotes desta contratación, asinada pola Xefa da Sección de Benestar e Igualdade.

Existe informe de estimación de prezos asinado pola Xefa de Sección de Benestar Social e Igualdade, no que se recolle que na fixación do orzamento tivéronse en conta todos os custos laborais derivados do convenio colectivo sectorial de aplicación, custos directos e indirectos, beneficio industrial e impostos.

O orzamento base de licitación deste contrato (2 anos) ascende a 720.219,03 € aos que se aplicará un IVE do 4%, 28.808,97 €, o que fai un total de 749.028,00 €.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Informe certificación da intervención xeral, financiaranse de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2019	2314.48910	156.047,50 €	22019/15089
2020	2314.48910	374.514,00 €	220199/384
2021	2314.48910	218.466,50 €	220199/384
		749.028,00 €	

Existe consignación na aplicación orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2019. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 e 2021 as cantidades indicadas.

A duración do presente contrato é de dous anos. Este prazo empezará a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo ou, no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do contrato. As prestacións obxecto do contrato, segundo o previsto no PPT,





executaranse neste iter temporal. O contrato poderá prorrogarse de ano en ano, de conformidade co disposto no artigo 29 da LCSP. A prórroga non poderá superar os dous anos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59, apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.1 h) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación das prestacións de teleasistencia domiciliaria da Deputación provincial de Lugo.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación deste contrato (2 anos), que ascende a 749.028,00 €, incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE) na porcentaxe do 4% por un importe de 28.808,97 €, que engaden aos 720.219,03 € de base, de acordo coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2019	2314.48910	156.047,50 €	22019/15089
2020	2314.48910	374.514,00 €	220199/384
2021	2314.48910	218.466,50 €	220199/384
		749.028,00 €	

Existe consignación na aplicación orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2019, pola cantidade de 156.047,50 €, para a anualidade de 2019. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2020 e 2021 as cantidades indicadas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO NO INFORME, PROPOSTA E ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 20 DE SETEMBRO DE 2019, EN RELACIÓN COA PRÓRROGA PARA EXECUTAR E XUSTIFICAR INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2018 POLO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.**



Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento relativo a corrección do erro producido no informe, Proposta e Decreto relativo a concesión de prorroga para executar e xustificar investimentos do plan único 2018 ao Concello de Outeiro de Rei, no que entre outros contén o seguinte:

Visto o expediente relativo ao Plan único de cooperación cos concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Servizo de Contratación emitíuse informe relativo á ampliación de prazo para executar e xustificar investimentos do Plan único 2018, polo Concello de Outeiro de Rei, que serviu de base para a Proposta da Presidencia e posterior acordo da Xunta de Goberno, de data 20-09-2019, no que se indicaba, os investimentos e prazos a outorgar ao Concello de Outeiro de Rei:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
OUTEIRO DE REI	SANEAMENTO EN PENELAS –N-VI EN OUTEIRO DE REI	175	30-10-2019	15-11-2019

Revisado o expediente, a instancias do Concello, que achegou escrito de data 07/10/2019, obsérvase que no relativo aos investimentos para os que solicita prórroga, hai un erro, tanto no informe, como na Proposta e no acordo da Xunta de Goberno da aprobación da concesión da prórroga solicitada para execución e xustificación dos investimentos relativos ao Concello de Outeiro de Rei, ao non incluírse un dos solicitados, nomeadamente “Mellora nas condicións de accesibilidade e infraestrutura da rúa c en Outeiro de Rei”.

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: “los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa”.

A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostivo que “Cuando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina “errores obstativos”, que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el lapsus, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc. Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (*in re*, *in persona*, *in causa*) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado”.

Argumentos todos eles, coherentes coa corrección que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do informe, proposta e acordo da Xunta de Goberno, nos termos nos que



debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro ao transcribir as denominacións dos investimentos.

A vista do anterior, Informase favorablemente a corrección do erro na denominación dos investimentos do Concello de Outeiro de Rei, relativo a concesión de prórrogas para executar e xustificar obras do plan único 2018, do xeito que:

onde se indica:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
OUTEIRO DE REI	SANEAMENTO EN PENELAS –N-VI EN OUTEIRO DE REI	175	30-10-2019	15-11-2019

debería dicirse:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
OUTEIRO DE REI	MELLORA NAS CONDICIÓN S DE ACCESIBILIDADE E INFRAESTRUCTURA DA RÚA C EN OUTEIRO DE REI	174	30-10-2019	15-11-2019
	SANEAMENTO EN PENELAS –N-VI EN OUTEIRO DE REI	175		

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección de erro referenciada, de tal xeito que:

onde se indica:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
OUTEIRO DE REI	SANEAMENTO EN PENELAS –N-VI EN OUTEIRO DE REI	175	30-10-2019	15-11-2019

debería dicirse:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
OUTEIRO DE REI	MELLORA NAS CONDICIÓN S DE ACCESIBILIDADE E INFRAESTRUCTURA DA RÚA C EN OUTEIRO DE REI	174	30-10-2019	15-11-2019
	SANEAMENTO EN PENELAS –N-VI EN OUTEIRO DE REI	175		

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Os efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes da subministración de material de oficina para a Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Orde de inicio do expediente de contratación con CSV IV6QESJZHYPTLVF667QWEIKTAY.

Informe relativo á necesidade da contratación con CSV IV6QESJ6PVRP6SU2CB5B45DVKA.

Informe da estimación de custes da contratación con CSV IV6QESJ6H566V2UNAVVH6JHTO4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito. IV6QE2B2HM65WSNC3RNSI3SAAY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV IV6RUGRSF4WZ3HX4U7XT75ZOOM.

Informe do servizo de contratación relativo ós criterios de solvencia e puntuación con CSV IV6RUGQINU7J5G4NCEQ4GEK7PY.

Informe xurídico firmado polo Asesor Técnico de Contratación, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV IV6RUGXDYFXKZ7ZLCQWDCBKACU.



Informe complementario firmado polo Asesor Técnico de Contratación, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV IV6RUOLNCBH7LCNZYZYRK4XPM4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV IV6RUP7ZFNDRFNC2R4WK4IQBY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes da subministración de material de oficina para a Deputación Provincial de Lugo, cunha duración inicial de dous anos coa posibilidade de dúas prórrogas anuais, ata un máximo de catro anos, prórrogas incluídas, atendendo ao seguinte desglose:

LOTES	ORZAMENTO BASE LICITACIÓN SEN IVE	IVE	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN CON IVE
Lote I : Material de oficina de uso xeral	47.933,88 €	10.066,12 €	58.000,00 €
Lote II: Material de oficina de uso técnico ou especial	24.066,12 €	5.053,88 €	29.120,00 €
TOTAL	72.000,00 €	15.120,00 €	87.120,00 €

2º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, os que se conteñen dacordo co establecido na norma, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación,previstos no PCAP que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato (2 anos) que ascende a 87.120,00 euros (43.560,00 euros anuais). O orzamento base de licitación inclúe 15.120,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 72.000,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

	APLICACIÓN	ANO 2019	RC	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
LOTE I	9200.22000	5.000,00	22019/22216	29.000,00	220199/522	24.000,00	220199/522
LOTE II	9200.22000	1.900,00	22019/22217	11.360,00	220199/523	10.810,00	220199/523
	9200.22002	1.100,00	22019/22218	3.200,00	220199/524	750,00	220199/524
	SUMA	8.000,00		43.560,00		35.560,00	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2019, pola cantidade de 8.000,00 €, para a anualidade 2019.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2020 e seguintes as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **9.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS)**





**DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE, OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO/PROVINCIA DE LUGO. C.B. BREOGÁN SAD. DISCIPLINA: BALONCESTO. ANUALIDADE 2019.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións.

“Antecedentes

Proposta de patrocinio presentada polo C.B Breogán SAD de 03/01/2019

Incoado co obxecto de proceder á contratación das prestacións de valoración económica e adaptación a prezos de mercado das propostas de patrocinio deportivo do Club Deportivo Lugo SAD e Club Baloncesto Breogán SAD, anualidade 2019.

Informe de valoración económica e adaptación a prezos de mercado das propostas de patrocinio deportivo do Club Deportivo Lugo SAD e Club Baloncesto Breogán SAD, anualidade 2019, emitido pola empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A. (THIRSA), adxudicataria.

Informes do Servizo de Deportes sobre a necesidade administrativa a satisfacer, insuficiencia de medios e non división en lotes.

Providencia de inicio do expediente de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Informe sobre a desagregación do orzamento base de licitación.

Prego de prescricións técnicas.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Memoria xustificativa.

Acordo da Xunta de Goberno de data 22 de maio do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto.

Convite cursado ao Club Baloncesto Breogán S.A.D. para presentar proposta en relación aos criterios obxecto de negociación

Minuta da acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26-6-2019 para a calificación da documentación administrativa (sobre electrónico“ A”) presentada, a apertura da documentación contida nos sobre electrónico “ B” sobres relativos á oferta técnica e económica e o inicio da fase de negociación, se procede, así como a certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Convite cursado a empresa Club Baloncesto Breogán S.A.D. para presentar oferta na fase de negociación.

Proposta presentada polo Club Baloncesto Breogán S.A.D. en relación aos criterios obxecto de negociación.

Informe do Xefe do Servizo de Deportes en relación ao cumprimento do prego de prescricións técnicas por parte da proposición presentada polo único licitador concorrente .

Minuta da acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 10 de xullo de 2019, para dar conta do informe do Servizo de Deporte en relación ao cumprimento do prego de



prescripciones técnicas por parte da proposición presentada polo único licitador concorrente así como a certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Requirimento de aclaracións da oferta técnica cursado ao Club Baloncesto Breogán S.A.D.

Documento de aclaracións da súa oferta técnica, presentado Club Baloncesto Breogán S.A.D.

Informe do Xefe do Servizo de Deportes en relación ás aclaracións presentadas polo Club Baloncesto Breogán S.A.D.

Minuta da acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 2 de agosto do 2019, para dar conta do informe de aclaracións presentado polo Club Baloncesto Breogán S.A.D e da súa proposta en relación aos criterios obxecto de negociación recollidos na cláusula 12 do PCAP, así como a certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Requirimento de documentación administrativa cursado á entidade Club Baloncesto Breogán S.A.D. presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017 e que se recolle na cláusula 17 do PCAP.

Documentación presentada pola entidade Club Baloncesto Breogán S.A.D.con data 2 de outubro do 2019, en relación ao trámite sinalado no parágrafo anterior

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adelante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Lei 17/2001, do 7 de decembro de marcas.

Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas.



Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /Provincia de Lugo. CB Breogán SAD. Disciplina: Baloncesto. Anualidade 2019.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excm. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato de patrocinio de carácter privado, en aplicación dos artigos 25 e 26 da LCSP.

O contrato de patrocinio definido ten a cualificación de contrato privado, de acordo co previsto artigo 26.1.a) da LCSP onde se establece que terán a consideración de contratos privados os que celebren as Administracións Públicas cuxo obxecto sexa distinto dos referidos nas letras a) e b) do apartado primeiro do artigo 25, apartados onde se regulan os contratos que teñen carácter administrativo.

O contrato cualifícase como privado posto que o patrocinado non é unha empresa que se dedique aos servizos publicitarios, o que exclúe a posibilidade de consideralo como un contrato administrativo de servizos, e tampouco pode ser considerado como un contrato administrativo especial, xa que non resulta vinculado ao xiro ou tráfico específico da Administración, nin satisface de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela. Todo elo nos termos relacionados no apartado C do Cadro Resumo. As prestacións incluídas dentro do obxecto do contrato están descritas no PPT.

Como se apuntou, trátase dun contrato de patrocinio cuxa regulación atópase na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade (en adiante LXP), modificada pola Lei 29/2009, do 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora

da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e de creación publicitaria. O actual artigo 22 LXP defíneo como: “aquele contrato no que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador.

En relación á natureza xurídica do contrato de patrocinio, a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado aprobou, na súa sesión do 2 de xullo de 2018, o seu Informe 7/2018, sobre a admisibilidade da figura do contrato menor en certos tipos de contratos, e no que, entre outras cousas sinala:

“(…) O contrato de patrocinio defínese no art. 22 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade. Este precepto defíneo como “aquele por o que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador”.

Cabe destacar primeiramente que os contratos de patrocinio non teñen unha regulación específica na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Ao configurarse ao redor dunha prestación de facer a cambio da cal se cobra un prezo podería considerarse *prima facie* que estamos en presenza dun contrato de servizos. Con todo, tal cualificación choca co problema de que a finalidade de interese público que se serve a través destes contratos non é só a publicidade institucional, senón que o financiamento público das actividades culturais, deportivas ou doutra índole é a verdadeira finalidade principal da actuación da entidade consultante. Tampouco é previsible que o obxecto social da contratista sexa a realización de campañas de publicidade institucional. En todo caso debe quedar claro que na hipótese que estamos a analizar, existindo unha prestación a cambio do prezo satisfeito pola Administración, atopámonos en presenza dunha figura contractual e non dunha subvención e que se o que realmente existe é unha figura diferente ao contrato, ben de modo patente ou de maneira encuberta, debe terse en conta o sinalado no parágrafo primeiro do presente expositivo.

Tendo todo o anterior en consideración, cabería pensar que este tipo de contratos de patrocinio constituirían contratos privados ao amparo dos disposto no artigo 26.1.a) da Lei 9/2017, segundo o cal teñen a consideración de contratos privados os que celebren as Administracións



Públicas cuxo obxecto sexa distinto dos referidos nas letras a) e b) do artigo 25. Esta remisión ao artigo 25 alude a aqueles contratos que sexan distintos dos contratos administrativos típicos ou especiais. Desta forma, o réxime xurídico dos contratos de patrocinio sería o propio dos contratos privados que, como vimos, determina o apartado 2 do artigo 26”

En termos similares exprésase a Xunta Superior de Contratación Administrativa da Generalitat Valenciana no seu informe 7/2018, do 27 de xullo do 2018, onde conclúe, entre outras cuestións, que:

“O patrocinio publicitario dunha actividade ou evento por unha Administración Pública non se considera comprendido entre os contratos de servizos ou outros contratos típicos dos definidos na Lei de Contratos do Sector Público. A súa contratación terá carácter privado e a súa preparación e adxudicación debe efectuarse de conformidade coas normas da Lei de Contratos do Sector Público que resulten de aplicación. De acordo con este criterio, terá a consideración de contrato menor no caso de que o seu valor estimado non supere o importe establecido no artigo 118.1 da devandita Lei para os contratos de servizos”

Respecto da cualificación do contrato de patrocinio manifestouse tamén o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2017, manifestando o seu carácter atípico e a súa natureza privada . Así na súa Resolución nº 193/2018, do 23 de febreiro de 2018, na que acumula dous recursos presentados contra a contratación do patrocinio para a difusión da imaxe dunha cidade española e manifesta o seguinte:

(...) estamos ante un contrato de patrocinio, isto é, un contrato publicitario regulado e definido na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade xunto co contrato de publicidade, o de difusión publicitaria e o de creación publicitaria. Agora ben, o feito de que se trate dun contrato publicitario, non significa que se trate dun contrato servizos publicitarios, que, como calquera outro, sería un contrato típico de servizos regulado no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que se é celebrado por un poder adxudicador e o seu valor estimado supera o limiar determinado pola devandita Lei, estaría comprendido na categoría 13 do Anexo II do TRLCSP, estaría suxeito a regulación harmonizada e sería susceptible de recurso especial. O contrato de patrocinio publicitario non é un contrato típico de servizos, xa que o seu obxecto non é unha prestación de servizos de publicidade a favor do órgano de contratación propia do contrato de publicidade nos

termos que concreta o artigo 13 da LXP (...), pois, no noso caso, as partes só colaboran entre si e ningunha delas é unha axencia de publicidade; tampouco é o seu obxecto a difusión ou distribución publicitaria que concreta o artigo 17 de dita LXP para o contrato de difusión publicitaria (...), pois no noso caso, non existen esas prestacións e o patrocinado non é un medio publicitario que comercialice unidades de tempo ou espazo, e, en fin, tampouco o seu obxecto é unha creatividade publicitaria definida no artigo 20 de dita LXP (...). O contrato obxecto de licitación é un contrato de patrocinio publicitario polo que unha das partes, o patrocinador, colabora na actividade da outra cunha axuda económica a cambio de que o patrocinado comprométase a colaborar na publicidade do patrocinador. O patrocinio é, por unha banda, un contrato pero non de servizos, e por outra, non é unha subvención, despois de que a entidade patrocinadora outorga a axuda ao patrocinado a cambio da colaboración deste para satisfacer o interese particular propio da entidade do sector público patrocinadora, e non só para promover actividades particulares que favorezan ou satisfagan o interese xeral tamén perseguido por aquela entidade patrocinadora.”

Feitas estas diferenzas o Tribunal Administrativo central considera que o contrato obxecto deste recurso é un contrato de natureza privada, non de servizos, non suxeito a regulación harmonizada.

Por último, en relación á natureza e réxime xurídico do contrato de patrocinio, destacar tamén o sinalado polo informe 13/2012, do 11 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, que refírese ao contrato de patrocinio como aquel que “(...) Ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «retorno publicitario», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado permite que o patrocinador faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado e tamén, se así se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade. O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe.

O patrocinado é unha persoa física ou xurídica que non necesariamente ten que desenvolver unha actividade profesional, ao contrario do que ocorre no contrato de publicidade que





se concerta cunha axencia publicitaria, ou no contrato de difusión publicitaria, no que o contratista necesariamente é un medio de difusión.”

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei; de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP, criterios que figuran na cláusula 12 do PCAP

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados por razóns técnicas, en atención a que o Club Baloncesto Breogán S.A.D. é a única Sociedade Anónima Deportiva da Provincia de Lugo que participa en competicións das máximas categorías estatais, e polo tanto o instrumento para a promoción e a publicidade da marca “A Deputación de Lugo co Deporte” ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/Provincia de Lugo, a través do Baloncesto, cos restantes motivos xustificadores, nomeadamente a relevancia e singularidade desta SAD, relatados no informe de necesidade da contratación e no propio prego de prescricións técnicas.

A aplicación deste procedemento susténtase na doutrina sobre o particular, nomeadamente, o Informe 13/2012, do 11 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, que obra no expediente, e que no que respecta á aplicación do procedemento negociado sen publicidade nos contratos de patrocinio sinala na súa consideración xurídica III:

“Como ya indicó esta Junta Consultiva en su Informe 28/2008, de 10 de diciembre, resulta aplicable para la adjudicación de los contratos de patrocinio el procedimiento negociado sin publicidad en virtud del artículo 170. d) TRLCSP, que ampara aquellos supuestos en que por

razones técnicas o artísticas o por motivos relacionados con la protección de derechos de exclusiva el contrato sólo pueda encomendarse a un empresario determinado, y ello porque:

«cualquier intento de forzar la concurrencia en una cuestión de esta naturaleza, siempre y a cualquier precio, solo podría acabar mezclando entidades con actividades muy diferentes, de difícil o imposible homogeneización, tanto en cuanto al presupuesto de la actividad, como en lo que a la difusión publicitaria pretendida se refiere. Normalmente se tratará de un contrato por razón de la persona o “intuitu personae”, en el que la concurrencia resultaría, si no en todos los casos, al menos, en muchos de ellos, incompatible con la naturaleza y objeto del contrato».

A maior abastanza podemos facer mención ao artigo, “La contratación de publicidad institucional en la nueva ley de contratos del sector público” (Sanmartín Mora, María Asunción )<sup>1</sup>, onde entre outras cuestións refírese ao contrato de patrocinio nos seguintes termos:

“El contrato de patrocinio publicitario lo define el artículo 22 LGP como aquél por el que el patrocinado, a cambio de una ayuda económica para la realización de su actividad deportiva, benéfica, cultural, científica o de otra índole, se compromete a colaborar en la publicidad del patrocinador. Es un contrato cuya delimitación presenta dificultades prácticas en el ámbito de las Administraciones Públicas respecto de la figura de la subvención. Sobre los contratos de patrocinio se ha pronunciado la Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado en el Informe 7/18. La Junta entiende que en este caso no estamos ante un contrato de servicios, sino ante un contrato privado de los del artículo 26.1 a) LCSP 12, y concluye que su adjudicación puede hacerse mediante un procedimiento negociado sin publicidad al amparo del artículo 168.a). 2º LCSP, o tratarse como contrato menor.”

A presente contratación, con independencia do seu valor estimado, non está suxeita a regulación harmonizada, pola propia natureza privada e atípica do contrato de patrocinio, en consonancia cos informes das Xuntas Consultivas e a Resolución nº 193/2018 do Tribunal

---

<sup>1</sup> Sanmartín Mora M. A. “La contratación de publicidad institucional en la nueva ley de contratos del sector público”, en Observatorio de Contratación Pública (<http://www.obcp.es/>), sección Opinión, de 20/12/2018



Administrativo Central de Recursos Contractuais, aos que se fai mención na consideración segunda do presente informe.

Motívase a non división en lotes, segundo informe incorporado ao expediente emitido polo Xefe do Servizo de Deportes relativo a non separación en lotes do presente contrato no que se conclúe que:

“Polo tanto, a xuízo deste servizo, e no relativo ao cumprimento do establecido no artigo 99.3 da LCSP, no que respecta á división en lotes dunha licitación, a xuízo do Servizo de Deportes, considérase xustificada a non división en lotes da contratación do patrocinio publicitario deportivo CB Breogán SAD co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/Provincia De Lugo, anualidade 2019, dado que pola propia natureza das prestacións obxecto do contrato anteriormente sinaladas, no presente procedemento non sería posible promover a concorrència e polo tanto non se consideraría procedente tal división, sen menoscabo do que finalmente considere e determine o servizo de Contratación e Fomento.”

No amentando informe, faise mención ao sinalado no apartado V do Preámbulo da LCSP, onde o lexislador, tras describir algunha das medidas que esta lei introduce en beneficio das PEMES, sinala textualmente que:

“Además de las anteriores, se encuentran aquí como medidas de apoyo a las PYMES todas las medidas de simplificación del procedimiento y reducción de cargas administrativas, introducidas con el objetivo de dar un decidido impulso a las empresas. Como medidas más específicas, se ha introducido una nueva regulación de la división en lotes de los contratos (invirtiéndose la regla general que se utilizaba hasta ahora, debiendo justificarse ahora en el expediente la no división del contrato en lotes, lo que facilitará el acceso a la contratación pública a un mayor número de empresas(...)). A LCSP invierte a regra xeral no que respecta á división en lotes co obxecto de facilitar o aceso á contratación pública a un maior número de empresas. Dado que no presente procedemento, pola propia natureza das prestacións a contratar, non é posible promover a concorrència e polo tanto facilitar o aceso a esta licitación a un maior número de empresas, sendo esta a finalidade última do

lexislador ao establecer como regra xeral a división en lotes dos contratos, queda totalmente xustificada a non división nesta licitación.

Consta no expediente Informe do Servizo de Deportes no que faise mención a que se coidou que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado, sendo, por tanto, o prezo total do contrato adecuado para o seu efectivo cumprimento. Tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial, de acordo co estipulado nos artigos 100 e 101 da LCSP

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

Considerando que, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 22 de maio do 2019, cursouse convite con data 6 de xuño do 2019 ao Club Baloncesto Breogán SAD, para presentar oferta, a través do Perfil do Contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na plataforma de contratos do Sector Público.

Visto que de conformidade coa minuta acta da mesa de contratación de data 26 de xuño do 2019 e da certificación dos acordos adoptados en dita mesa, pola Presidencia infórmase á Mesa, que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

LICITADOR	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN DA OFERTA
CLUB BALONCESTO BREOGÁN S.A.D.	19-06-2019 13:54

Tendo en conta que a única empresa concorrente á licitación presentou en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico “A” (documentación administrativa). Resultando que a empresa Club Baloncesto Breogán S.A.D., presenta a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (artigo 140 da LCSP) esixida nos pregos de cláusulas administrativas (en diante PCAP) debidamente cumprimentada axustándose en todo o seu contido aos requisitos esixidos nos citados pregos, a mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada.



Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobre electrónico B do licitador concorrente, relativa á oferta técnica e económica, que segundo o establecido na cláusula décimo cuarta do PCAP, deberá incluír a seguinte documentación:

“II. Sobre B " Oferta técnica e económica”

Conterá as especificacións técnicas das prestacións a realizar de conformidade co previsto no prego de prescricións técnicas, e o Anexo III, relativo á oferta económica, debidamente cumprimentado. En caso de non presentarse oferta técnica xunto co Anexo III, entenderase que o licitador executará o contido estrito do prego de prescricións técnicas, que en todo caso ten a condición de mínimo.

A oferta económica deberá indicar en partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deberá ser repercutido. Aqueles licitadores que se atopen exentos do Imposto sobre o Valor Engadido polas causas previstas na Lei reguladora de devandito imposto deberán presentar a documentación acreditativa desta circunstancia.”

A Mesa de Contratación, tras unha somera análise, comproba que a empresa Club Baloncesto Breogán S.A.D., achega documento debidamente asinado contendo a oferta técnica, xunto co anexo III (modelo da proposición económica), relativo aos criterios de adjudicación segundo o previsto na cláusula 12 do PCAP (Fase 1 do proceso de valoración de ofertas). O contido do Anexo III resúmese na seguinte táboa:

LICITADOR	ANEXO III. Modelo da proposición económica	
	CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN	
	PREZO (Ata 60 puntos)	
CLUB BALONCESTO BREGÁN S.A.D.	Oferta	Puntuación
	330.578,00 € (IVE non engadido)	0 puntos

Tras a apertura do sobre electrónico B, a Mesa de Contratación adopta os seguintes acordos:

Dar traslado ao Servizo de Deportes, da oferta técnica presentada pola empresa Club Baloncesto Breogán S.A.D., co obxecto de que por parte de dito servizo se emita informe respecto da adecuación da oferta técnica ao previsto polo PPT.

Iniciar a fase de negociación (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas), condicionada á adecuación da oferta técnica presentada pola empresa Club Baloncesto Breogán S.A.D. ao previsto no PPT de acordo co informe que por parte do Servizo de Deportes se emita ao respecto.”

Con data 10 de xullo do 2019, reúnese novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na minuta da acta que obra no expediente e na certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Nese acto, dáse conta do informe do Xefe do Servizo de Deportes en relación á adecuación da oferta técnica presentada polo CB Breogán SAD ao previsto no prego de prescricións técnicas (en diante PPT). O mencionado informe, que obra no expediente, sinala na súa parte conclusiva que:

“En consecuencia, a xuízo de quen asina e en aplicación do previsto nos pregos de condicións administrativas e técnicas, respectivamente, considérase preciso, -de proceder-, que se solicite a Club Baloncesto Breogán SAD, as aclaracións correccións, e/ou modificacións precisas con relación á documentación remitida polo servizo de Contratación da mesa de contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /Provincia de Lugo. CB Breogán SAD. Disciplina: Baloncesto.

Así mesmo, e máis alá das aclaracións e/ou modificacións que se estima que proceden en cada un dos apartados e prestacións, considérase preciso que se valore a inclusión en cláusula contractual, - e de non estar xa reflectido-, do compromiso expreso do patrocinado da realización e acreditación das distintas prestacións ofertadas, sen que en ningún caso se poida trasladar ao patrocinador tal responsabilidade, para maior claridade dos compromisos a adquirir polo patrocinado e na liña de prever a redución que corresponda no importe a satisfacer de non



executarse na súa totalidade algunha das prestacións ofertadas”.

A Mesa acorda en virtude do mencionado informe concederlle un prazo de tres días hábiles ao CLUB Baloncesto Breogán S.A.D., para que aclare a oferta presentada nos termos previstos no informe do Xefe do Servizo de Deportes, que en todo caso non suporá unha modificación dos termos da oferta, ben por variar o seu sentido, ben por incorporar outros inicialmente non previstos.

Practicado o requirimento de aclaracións sinalado ao Club Baloncesto Breogán S.A.D, o mencionado club, procede a dar cumprimento a dito trámite dentro do prazo outorgado ao efecto.

Con data 2 de agosto do 2019, réunese novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na minuta da acta que obra no expediente e na certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

En dito acto pola Presidencia, infórmase aos asistentes en primeiro lugar, que na sesión celebrada pola Mesa na data do 10 de xullo do 2019, acordouse, requirir ao Club Baloncesto Breogán S.A.D. para que, no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte no que se recepcione polo licitador o requirimento que se practique ao efecto, aclare aquelas cuestións da súa oferta técnica reflectidas no informe do Xefe de Servizo de Deportes do que se deu conta en dita mesa, co límite de non alterar ou modificar polo Club Baloncesto Breogán S.A.D. a súa oferta inicialmente presentada. Realizados dito requirimento de aclaración, o Club Baloncesto Breogán S.A.D., como así consta no expediente, deu debido cumprimento aos mesmo dentro dos prazos establecidos ao efecto.

A continuación, toma a palabra o Xefe do Servizo de Deportes, invitado a esta sesión para dar conta do informe por él emitido en relación ao documento de aclaracións presentado polo Club Baloncesto Breogán S.A.D, e que na súa parte conclusiva sinala o seguinte:

“En consecuencia, a xuízo de quen asina, á vista da documentación achegada e de acordo co reflectido no informe do servizo de Deportes de data 4 de xullo de 2019 e do previsto nos pregas de condicións técnicas, poderían considerarse cumpridas as aclaracións relativas á oferta de Club Baloncesto Breogán SAD, contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades

anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /Provincia de Lugo. CB Breogán SAD. Disciplina: Baloncesto. No relativo á concreción das circunstancias reflectidas no informe de data 4 de xullo de 2019, e a expensas da aclaración que no seu caso puidese realizarse por parte do ofertante do erro detectado no documento de aclaracións e relativo aos puntos h. 2) Apartado 2. 1. 3 Cesión de dereitos de imaxe de xogadores e h. 3) Apartado 2. 1. 4 Cesión de dereitos de imaxe de técnicos, para os efectos de determinar que a prestación se realiza mediante a realización de accións/actividades e non de fotos/vídeos, de acordo co previsto no prego de condicións técnicas”

O informe do xefe do Servizo de Deportes, en relación ao erro detectado no documento de aclaracións e relativo aos puntos h. 2) Apartado 2. 1. 3 Cesión de dereitos de imaxe de xogadores e h. 3), Apartado 2. 1. 4 Cesión de dereitos de imaxe de técnicos, sinala textualmente o seguinte:

“h.2) Apartado 2. 1.3 Cesión de dereitos de imaxe de xogadores (páx. 24)

O prego de condicións técnicas establece que a oferta deberá concretar o número, os ámbitos, as accións e actividades nas que se producirá a cesión e o seu desenvolvemento efectivo, para os efectos de acreditación das accións desenvoltas.

Mínimo: 5 actuacións actividades.

A oferta de CB Breogán SAD, pola súa parte, reflicte que:

cesión para o seu emprego e difusión de imaxe de xogadores, en fotografía ou vídeo dentro das actividades promocionais cun mínimo de 5 fotos e 5 vídeos.

No documento de aclaracións reflíctense de acordo co solicitado e o obxecto de prestación, de acordo aos criterios análogos doutras prestacións, como mecanismo de acreditación da realización da prestación, -na súa totalidade ou en parte-, de acordo co previsto nos pregos, e no seu caso, no contrato, a previsión de número de accións nas seguintes condicións:





- 1 Área de medio ambiente, medio rural
- 1 Área de bienestar, igualdade
- 1 Área Turismo
- 2 Área participación cidadá, xuventude , Deportes

Neste caso, tendo en conta que non existía coincidencia entre a prestación reflectida no prego, que previa 5 actuacións actividades e a oferta formulada por CB Breogan SAD, que formulaba 5 fotos e vídeos, solicitábase tal corrección, que non se acredita no documento de aclaracións achegado.

En consecuencia, a acreditación efectiva da prestación ofertada deberá vincularse expresamente a realización da totalidade ou do número das accións/actividades formuladas, para os efectos de valoración do importe económico da prestación e reflectido nos pregos.

h. 3) Apartado 2. 1. 4 Cesión de dereitos de imaxe de técnicos (páx. 24)

O prego de condicións técnicas establece que a oferta deberá concretar o número, os ámbitos, as accións e actividades nas que se producirá a cesión e o seu desenvolvemento efectivo, para os efectos de acreditación das accións desenvoltas.

Mínimo: 5 actuacións actividades.

A oferta de CB Breogán SAD, pola súa parte, reflicte que:

“cesión para o seu emprego e difusión de imaxe de técnicos, en fotografía ou vídeo dentro das actividades promocionais cun mínimo de 5 fotos e 5 vídeos.”

No documento de aclaracións reflíctense de acordo co solicitado e o obxecto de prestación, de acordo cos criterios análogos doutras prestacións, como mecanismo de acreditación da realización da prestación, -na súa totalidade ou en parte-, de acordo co previsto nos pregos, eno seu caso, no contrato, a previsión de número de accións nas seguintes condicións:

2 Área de educación e cultura, benestar social

1 Área Turismo

2 Área participación cidadá, xuventude , Deportes

Neste caso, tendo en conta que non existía coincidencia entre a prestación reflectida no prego, que previa 5 actuacións actividades e a oferta formulada por CB Breogán SAD, que formulaba 5 fotos e vídeos solicitábase tal corrección, que non se acredita no documento de aclaracións achegado.

En consecuencia, a acreditación efectiva da prestación ofertada deberá vincularse expresamente a realización da totalidade ou do número das accións/actividades formuladas, para os efectos de valoración do importe económico da prestación e reflectido nos pregos”

Estando presente na sesión da mesa o representante legal do Club Baloncesto Breogán S.A.D, D. Jesús Lázare Rincón, solicítaselle aclaración sobre os aspectos controvertidos da súa reflectidos no amentado informe do Xefe do Servizo de Deportes. O licitador sinala a este respecto que en ambos casos (Cesión de dereitos de imaxe de xogadores e Cesión de dereitos de imaxe de técnicos) concretouse o número, os ámbitos, as accións e actividades nas que se producirá a cesión e o seu desenvolvemento efectivo, e que o matiz sinalado no relativo á acreditación tanto na oferta presentada como no documento de aclaracións (“cun mínimo de 5 fotos e 5 vídeos”), incluíuse por erro xa que nin o esixe o prego nin resulta coherente co obxecto das devanditas prestacións xa que non resulta determinante para á súa efectiva realización que ditas prestacións se acrediten “cun mínimo de 5 fotos e 5 vídeos”, sendo suficiente que se acrediten nos termos previstos no PPT.

A Mesa acorda, en virtude do informe do Xefe do Servizo de Deportes e das matizacións realizadas na propia mesa polo representante do Club Baloncesto Breogán, considerar suficientes as aclaracións presentadas e , en consecuencia, admitir a proposta presentada polo licitador ao considerar que cumpre coas determinacións establecidas no prego de prescricións técnicas reitor da presente contratación.

Acreditado por tanto o cumprimento da oferta técnica por parte do licitador do previsto no PPT, dáse conta da proposta presentada polo Club Baloncesto Breogán S.A.D. en relación aos



criterios obxecto de negociación, cos seguintes resultados:

LICITADOR	CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN			
	(Fase 2 do proceso de valoración)			
CB BREGÁN SAD	1. INCREMENTO NO NÚMERO DE CESIÓN DE ENTRADAS VIP PARA O ACCESO AOS PARTIDOS Á DISPUTAR COMO LOCAL DURANTE O PERÍODO DE DURACIÓN DO CONTRATO		PUNTUACIÓN TOTAL  FASE 2	
	Oferta	Puntuación		
	- 84 a repartir entre os partidos xogados na condición de equipo local e organizador do partido			20 puntos
	2. INCREMENTO NO NÚMERO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CON FINS DE INTERESE SOCIAL			
	Oferta	Puntuación		
- 2 actividades con asociacións que traballen con discapacitados intelectuais ou enfermos mentais ou enfermidades dexenerativas. - 1 actividade con asociacións que traballen con enfermos crónicos. - 1 actividade con asociacións que loiten pola inserción social. - 1 actividade con asociacións que traballen contra os efectos das drogodependencias de forma preventiva ou ben recuperando os drogodependientes		20 puntos		
			40 puntos	

A suma das puntuacións obtidas polo licitador no proceso de valoración (Fase 1 e Fase 2) resúmese na seguinte táboa:

LICITADOR	PUNTUACIÓN FASE 1 (Criterios de adjudicación)	PUNTUACION FASE 2 (Criterios de negociación)	TOTAL
CB BREGÁN SAD	0 puntos	40 puntos	40 puntos

Rematadas os cálculos para a obtención das puntuacións totais no expediente de referencia, a mesa de contratación, considerando que a proposta da única empresa concorrente se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas acorda, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	CLUB BALONCESTO BREGÁN S.A.D.	40 puntos

Requirir á empresa Club Baloncesto Breogán S.A.D., único licitador concorrente no expediente de contratación para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O Sr. Presidente da Excma. Deputación de Lugo aceptou a proposta feita pola mesa de contratación con data 2 de agosto do 2019 e consecuentemente, con data 26 de setembro 2019 resolveu requirir á empresa Club Baloncesto Breogán S.A.D., único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento, na data do 27 de setembro do 2019. Esta documentación presentouse pola entidade referida con data 2 de outubro do 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial."

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que á empresa Club Baloncesto Breogán S.A.D., aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, propónse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a



Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /Provincia de Lugo. Disciplina: Baloncesto. Anualidade 2019., a favor da empresa Club Baloncesto Breogán S.A.D.

De acordo co previsto no artigo 150.3 da LCSP, nos procedementos negociados, de diálogo competitivo e de asociación para a innovación, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

As prestacións dimanantes da fase de negociación, son as seguintes:

CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN
(Fase 2 do proceso de valoración)
<b>1. INCREMENTO NO NÚMERO DE CESIÓN DE ENTRADAS VIP PARA O ACCESO AOS PARTIDOS Á DISPUTAR COMO LOCAL DURANTE O PERÍODO DE DURACIÓN DO CONTRATO</b>
- 84 a repartir entre os partidos xogados na condición de equipo local e organizador do partido
<b>2. INCREMENTO NO NÚMERO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CON FINS DE INTERESE SOCIAL</b>
- 2 actividades con asociacións que traballen con discapacitados intelectuais ou enfermos mentais ou enfermidades dexenerativas. - 1 actividade con asociacións que traballen con enfermos crónicos. - 1 actividade con asociacións que loiten pola inserción social. - 1 actividade con asociacións que traballen contra os efectos das drogodependencias de forma preventiva ou ben recuperando os drogodependientes

En consecuencia, os termos definitivos das prestacións a efectuar pola adxudicataria, proceden das esixencias e cumprimento do establecido nos pregos reitores da presente contratación, da oferta inicial e do resultado final da fase de negociación.

O prazo de duración/execución do contrato estenderase desde a data na que se inicie a prestación do servizo ata o 31 de decembro do 2019.

O contrato adxudícase por importe de 330.578,00 € euros, aos que habería que engadir 69.421,38€ en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 399.999,38 €.

Constitúen condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f) da LCSP, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, coas melloras dimanantes da oferta presentada pola adxudicataria. O

incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais constitúe causa de resolución contractual.

Constitúen condicións especiais de execución sen a cualificación de obrigas contractuais esenciais e cuxo incumprimento permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, ás recollidas na cláusula 22.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

O contratista virá obrigado ao cumprimento da súa oferta inicial e da súa proposta final en relación aos criterios obxecto de negociación, que terá carácter contractual, ao igual que os pregos de condicións reitores, que deberá igualmente cumprir.

2º.- Publicar no perfil do contratante e notificar ao licitador, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbo interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/022.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:



“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/022, correspondente a Porcino y Vacuno, S.L. (Portomarín), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,7788 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 889,40 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Porcino y Vacuno, S.L., presentou fora do prazo establecido a conta xustificativa correspondente á devandita subvención, con todo, realizou as actuacións en forma e condicións establecidas nas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Porcino y Vacuno, S.L., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/022, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 889,40 €, así como Ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/032.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/032, correspondente á sociedade civil Casa Agustín, S.C. (Baralla), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,4625 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 731,25 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Casa Agustín, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Casa Agustín, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/032, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 731,25 €, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE**





**APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018  
“RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN  
DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/042.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/042, correspondente a Javier González Méndez (Cervantes), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,67 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.335,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Javier González Méndez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Javier González Méndez, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/042, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.335,00 €, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/079.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/079, correspondente a Catalina Arias López (Sarria), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 6,6890 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 3.344,50 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Catalina Arias López, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Catalina Arias López, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/079, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 3.344,50 €, así como ao aboamento da mesma”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/081.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/081, correspondente a Diego Manuel Fernández Pena (Xermade), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 8,83 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 4.415,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Diego Manuel Fernández Pena, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Diego Manuel Fernández Pena, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/081, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 4.415,00 €, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/101.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/101, correspondente á sociedade civil Dematías, S.C. (Lugo), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 10,4268 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 5.213,40 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Dematías, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.



Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Dematías, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/101, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 5.213,40 €, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/135.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/135, correspondente a José Antonio Fernández Álvarez (Baralla), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 10,8753 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 5.437,65 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

José Antonio Fernández Álvarez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de José Antonio Fernández Álvarez, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/135, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 5.437,65 €, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/136.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/136, correspondente a Alejandro Rouco Balseiro (Alfoz), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 11,5923 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 5.796,15 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.



Alejandro Rouco Balseiro, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 9,1359 Has, o que supón un 78,81% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Alejandro Rouco Balseiro, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/136, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 4.567,95 €, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/157.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/157, correspondente a Oscar Manuel Boado Fontanil (Sarria), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha

superficie de 1,7110 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 585,50 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Oscar Manuel Boado Fontanil, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Oscar Manuel Boado Fontanil, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/157, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 585,50 €, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **19.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2018.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:





“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas no procedemento de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2018 , aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 30 de novembro de 2018 .

Á vista do informe do Centrad.

Á vista de que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, as súas renuncias ás subvencións concedidas no referido procedemento:

ENTIDADE	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
ANPA COLEXIO PÚBLICO RICARDO GASSTET DO INCIO	OBRADOIRO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PANDEIRA	862
ASOC. CULTURAL PROA DE VIVEIRO	CURSO DE MODISTA	1000
ASOC. SOCIOCULTURAL E VECIÑAL “ A COSTOÑA DE VICINTE”	CURSO DE CESTERÍA	760
ASOC. VECIÑAL “ SAN AMARO DE BARBAÍN”	CURSO DE CESTERÍA	1000
ASOCIACIÓN AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	CURSO DE CARPINTERÍA	1000
ASOC. DE MULLERES “ AS BULIDOIRAS”	OBRADOIRO DECORACIÓN DE TEAS PARA CONFECCIÓN REGALO ARTESÁN COON XABÓNS E OUTROS PRODUTOS CASEIROS	1000
ASOC. DE ARTESÁNS DE MONDOÑEDO “ OS MUÍÑOS”	NADAL ARTESÁN	1000
ASOC. MEDIOAMBIENTAL SOCIOCULTURAL VECIÑOS SANTIAGO DE REIGOSA	CURSO DE RESTAURACIÓN	1000
ASOCIACIÓN AMAS DE CASA RÍO MIÑO	CURSO DE CESTERÍA	1000
ASOC. CULTURAL “ A CHAVE DAS NOCES”	CURSO TEAR DE ALTO LIZO	950
APA CPI CERVANTES	CURSO DE CESTERÍA	1000

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aceptar de pleno as renuncias referidas, polos importes citados e para os efectos que procedan”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**20.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2017.**

Logo de ver a proposta da Sra. Vicepresidente do seguinte teor:

“En relación ao expediente de xustificación da subvención concedida por importe de mil catrocentos oitenta e sete euros (1.487,00 €) á Aventados, para colaborar na actividade denominada “POLA NOSA IDENTIDADE MÚSICA “NOSTALXIAS, COMPROMISO CON EL QUIJOTE, ENCONTROS “CONCIENCIA PARA NO OLVIDAR LO NUESTRO”, REALIZACIÓN AUDIOVISUAL E VISITA A SARGADELOS”, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 22 de decembro de 2017, de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, anualidade 2017,

Vista a solicitude de xustificación de Aventados e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

Segundo o punto 12 da bases “Prazos de xustificación”, onde se di textualmente:

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2018.”



Á Asociación Aventados presentou a xustificación da subvención no Rexistro de Entrada desta Institución o día 18 de xaneiro do ano 2018, baixo o número 1.618, é dicir, dentro do prazo establecido nas Bases da convocatoria.

Unha vez revisada, por parte de esta Área, á documentación de xustificación, remítese o expediente ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización o día 15 de marzo de 2018.

Con data 3 de abril de 2018, o Servizo de Intervención, devolve o expediente de xustificación por observar as seguintes deficiencias:

“No expediente figura un documento Son Acusti que é unha factura proforma.

Nas facturas nº 174,408 e 444 de Copistería-Papelería Papiro, non figura a data do recibí.

Nas facturas nº 408 e 444 non se detalla o concepto facturado polo que deberán de presentar factura rectificativa.”

Postos en contacto co interesado comunícanse as incidencias encontradas e o día 18 de outubro de 2018, vólvese remitir o expediente de xustificación ao Servizo de Intervención, que con data 30 de outubro devolve novamente o expediente por encontrar novas deficiencias.

En base ao informe de Intervención o día 23 de xaneiro de 2019, con número de Rexistro de Saída 974, esta Área envía á Asociación Cultural Aventados unha notificación de requirimento de subsanación de documentación xustificativa, de acordo co aprobado por Resolución da Presidencia de data 18 de xaneiro de 2019. En dita notificación, que foi recibida pola citada Asociación o día 29 de xaneiro de 2019, “requíreselle, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción desta notificación, presente a citada documentación. Advertíndoselle, que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.

A citada notificación foi contestada pola Asociación mediante escrito presentado o día 5 de febreiro é dicir, dentro do prazo sinalado na notificación. Pasamos a reflexar as deficiencias que se tiñan que enmendar coa contestación dada pola Asociación:

“Factura Nº 174 de Copistería Papelería Papiro de 29/5/2017

Primeiro presentan unha factura desglosada da forma seguinte:

	PRECIO	IMPORTE
10 fotocopias/encuadernaciones .....	19,05 €	190,50 €
110 copias en color .....	1,00 €	110,00 €
		-----
		300,50 €
		I.V.A. 63,11 €
		-----
		TOTAL .....363,61 €

A deficiencia observada por esta Intervención con data 03/04/2018 consistía en que non figuraba a data do recibí.

Agora presentan unha factura rectificativa R 18/27 da factura anterior de data 20/07/2018 na que sí figura a data do recibí, pero desglosan o concepto de forma diferente:

DESCRIPCIÓN	PRECIO UNITARIO	IMPORTE
190 CARTELES.....	1 €	190,00€
125 TRIPTICOS .....	0,884 €	110,50 €
		-----
		300,50 €
		I.V.A. .... 63,11 €
		-----
		TOTAL ... 363,61 €



Por tanto solicitase aclaración sobre o cambio de concepto da devandita factura que non ten nada que ver coa deficiencia observada por esta Intervención.

A contestación dada pola Asociación para enmendar a deficiencia é seguinte:

“La factura es un documento original, dónde figuran los datos que identifican a la Asociación, a la Copistería y al concepto por el que se realiza el pago que da lugar a dicha factura por valor de 363,31 euros, que como de costumbre aboné en metálico.

Que los cambios que se producen en tal factura, desde el primer ejemplar hasta el último, se deben a las instrucciones verbales que se me dan y al parecer por indicación de la Intervención, Pero es la misma factura, con los elementos de identificación y justificación que para –al parecer- mejor proveer se me instan”.

Factura 408 de Copistería Papelería Papiro de fecha 12/12/2017.

Primeiro presentan unha factura desglosada da seguinte forma:

<u>DESCRIPCIÓN</u>	<u>CANTIDADE</u>	<u>PRECIO</u>	<u>TOTAL</u>
Material publicitario y de Divulgación del programa Cultural “A nosa Identidade”	1	228,55 €	228,55 €
		I.V.A.	48,00 €
		TOTAL.....	276,55 €

A deficiencia observada por intervención en data 03/04/2018 consistía en que non figuraba a data do recibí, e que non se detallaba o concepto facturado polo que deberían presentar unha factura rectificativa.

Agora no expediente figura outra factura nº 408 de data 12/12/2017 con outra descripción, sen desglose e sen data do recibí.

DESCRIPCIÓN	CANTIDADE	PRECIO	TOTAL
Material publicitario y de Divulgación del programa Cultural “A nosa Identidade”	1	228,55 €	228,55 €
El mundo de los percebeiros “San Ciprián unha bale durmindo”		IVA	48,00 €
Cartelería y carátulas para DVD.		TOTAL .....	276,55 €

No expediente tamén figura por un lado unha factura nº: rectificativa 2 de data 4/06/2018 (que non indican a factura que rectifica e non consta a data do recibí), desglosado da forma seguinte:

DESCRIPCIÓN	PRECIO UNITARIO	TOTAL
125 carteles.....	1,00 €	125,00 €
75 tripticos .....	0,714 €	53,55 €
10 Encuadernaciones .....	5,00 €	50,00 €
		-----
		228,55 €
	IVA .....	48,00 €
		-----
	TOTAL .....	276,55 €

E a vez figura outra factura nº R18/26 de data 20 de xullo 2018 que neste caso indica que rectifica á factura número 408 de 12/12/2017 e indica a data do recibí co mesmo desglose que a anterior.

Por todo elo, solicitamos aclaración respecto a todo o detallado anteriormente (deberase anular unha das facturas nº 408 de data 12/12/2017 e a factura rectificativa 2 de data 4/6/2018).

A contestación dada pola Asociación para enmendar a deficiencia é seguinte:

“La factura es un documento original, dónde figuran los datos que identifican a la Asociación, a la Copistería y al concepto por el que se realiza el pago que da lugar a dicha factura por valor de 276,55 euros, que como de costumbre aboné en metálico.

Que los cambios que se producen en tal factura, desde el primer ejemplar hasta el último, se deben a las instrucciones verbales que se me dan y al parecer por indicación de la Intervención,



Pero es la misma factura, con los elementos de identificación y justificación que para –al parecer- mejor proveer se me instan”.

FACTURA 444 de Copistería Papelería Papiro de fecha 29-12-2017

Primeiro presentan unha factura desglosada da forma seguinte:

<u>DESCRIPCIÓN</u>	<u>CANTIDADE</u>	<u>PRECIO</u>
Material publicitario y de Divulgación del programa de Cultura “A Nosa Identidade”	1	89,50 €
	IVA.....	18,80 €
	TOTAL .....	108,30 €

Agora no expediente consta outra factura nº 444 de fecha 29-12-2017 con outra descripción sen desglose e sen data do recibí.

<u>DESCRIPCIÓN</u>	<u>CANTIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
Material publicitario (cartelería Y folletos)y de divulgación del programa Cultural “A Nosa Identidade”	1	89,50 €
	IVA .....	18,80 €
	TOTAL .....	108,30 €

No expediente tamén figura por un lado unha factura nº rectificativa 1 de fecha 4 de xuño 2018 ( que non indica a factura que rectifica e non consta a data do recibí ) desglosado da forma seguinte.

<u>DESCRIPCIÓN</u>	<u>PRECIO UNITARIO</u>	<u>TOTAL</u>
30 Impresión fotos .....	1 €	30,00 €
5 archivadores .....	3 €	15,00 €
890 fotocopias.....	0,05 €	40,50 €
		89,50 €
	IVA .....	18,80 €
	TOTAL .....	108,30 €

E a vez figura outra factura nº R18/25 de data 20 de xullo de 2018, que neste caso indica que rectifica á factura 444 de 29-12-2017 e indica a data do recibí co mesmo desglose que o anterior.

Por todo elo, solicitamos aclaración respecto a todo o detallado anteriormente (deberase anular unha das facturas 444 de data 29/12/2017 e a factura nº rectificativa 1 de data 4/6/2018).

A contestación dada pola Asociación para enmendar a deficiencia é seguinte:

“La factura es un documento original, dónde figuran los datos que identifican a la Asociación, a la Copistería y al concepto por el que se realiza el pago que da lugar a dicha factura por valor de 108,30 euros, que como de costumbre aboné en metálico.

Que los cambios que se producen en tal factura, desde el primer ejemplar hasta el último, se deben a las instrucciones verbales que se me dan y al parecer por indicación de la Intervención, Pero es la misma factura, con los elementos de identificación y justificación que para –al parecer– mejor proveer se me instan”.

Factura proforma de fecha 22/05/2017 de Manuel Martínez Fuentes

Primeiro presentan unha factura proforma por importe de 700,00 € e con data do recibí en efectivo de 22/05/2017.

A deficiencia observada por esta Intervención a data de 4/4/2018 consistía en que non era factura.

Ahora presentan por unha banda unha factura nº 18/22 de data 12/04/218 por importe de 847 € indican que é unha factura rectificativa da emitida el 24/5/2017 pero no expediente non figura a factura que rectifica senón que o que figura é unha factura proforma. Na devandita factura tampouco consta a data do recibí.





E a vez tamén consta no expediente outra factura R18/25 de data 7/5/2018 que tamén indica factura rectificativa da emitida el 24/05/2017 e neste caso a data do recibí e do 7/5/2018.

Por todo elo, solicitamos aclaración respecto a todo o detallado anteriormente (que se achegue a factura que rectifica e que se anule a rectificativa que non proceda). Ademais, debido a que o importe é diferente o custo da actividade e relación clasificada de gastos tamén varia.”

A contestación dada pola Asociación para enmendar a deficiencia é seguinte:

“Se trata de un servicio prestado por la empresa de sonido antes aludida con motivo del festival realizado en el Auditorio de San Ciprián el 24 de mayo de 2017, con motivo del programa denominado “Nostalxias”.

Tal factura se abonó en dos tiempos. Primero en metálico el día 27 de mayo del 2017 al finalizar el evento. Pero tal abono dio lugar a unha factura de las denominadas proforma, por no llevar cargado el IVA.

Al señalar el departamento de Cultura que tal no era correcta, se hicieron las gestiones precisas, se hizo factura rectificativa, esta vez con IVA, y se abonó tal IVA en la fecha en que se emite la factura definitiva.

Evidentemente hay cambios entre la primera factura y la segunda. La primera por importe de 700 euros que se abona en metálico el día 27 de mayo del 2017, es de importe inferior a la segunda, que es la primera con el añadido del IVA por valor de 147 euros, sumando un total de 847 euros.

Que la factura final, rectificativa, está correctamente cumplimentada. Consta de los datos de Asociación, datos de la empresa que presta el servicio, datos conceptuales que justifican el servicio prestado, datos que justifican la rectificación por añadidura del IVA, todo ello produce una factura por valor de 847 euros.

Tal factura se entrega personalmente en el departamento de Cultura, y se acepta en la forma y fondo de la cuestión, produciéndose los cambios preceptivos en la documentación donde se hace balance de los gastos con las variaciones que el pago del IVA ha producido.

Que tal como recoge la factura, esta queda resuelta por pago en metálico tal como firma el recibí el ciudadano.”

Acompañando ao escrito presenta fotocopia das facturas números 18/22, 408 e 444, sen enmedar e que son iguais que as que xa obraban no expediente.

Logo de ver toda a documentación presentada pola Asociación, observase que non cumpre os requisitos para a aprobación da conta xustificativa, por incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, con arranxo ao establecido no apartado 11 nas bases reguladoras (xustificación e aboamento das subvencións), ao non enmendar ningunha das deficiencias detectadas polo Servizo de Intervención e sinaladas con anterioridade. En particular, non explica os cambios de concepto facturado ou a emisión de varias facturas polo mesmo gasto sen anular as anteriores.

As devanditas deficiencias puxéronse en coñecemento da Asociación mediante a notificación de requerimento de subsanación de documentación xustificativa onde se lle indica expresamente as deficiencias a subsanar. A pesares de presentar, o representante da Asociación, un escrito no que se trataba de enmendar as deficiencias observadas, a conta xustificativa segue incumprindo o establecido nas Bases reguladoras da subvención.

O punto 11 das Bases Xustificación e aboamento das subvencións especifica que en relación ás deficiencias observadas:

“3.- Facturas e documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo ata o importe da subvención concedida. Os documentos



acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas polo órgano xestor.

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago dos gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación. En cada momento, estarase ao establecido pola normativa vixente.

#### 4.- Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores.

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúen en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiación do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión: “Recibín en efectivo en data .....”, asinado polo receptor con identificación do mesmo (N.I.F., nome e apelidos). En cada momento, estarase no establecido pola normativa vixente.”

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación do expediente, infórmase o seguinte:

**1º.-** Considérase incumplida a obriga asumida pola Asociación Cultural Aventados, de xustificación da subvención concedida, sen que enmendase as deficiencias observadas na documentación xustificativa á vista dos escritos presentados pola mesma en relación ao requirimento de subsanación de documentación efectuado, nos termos sinalados con anterioridade.

**2º.-** Incóese procedemento de perda de dereito contra a Asociación Cultural Aventados, por considerarse incumplida a súa obriga de xustificación da subvención que lle fora concedida por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2017, no procedemento de concorrencia competitiva de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2017, por importe de 1.487,00 € e co obxecto de colaborar na actividade “Pola nosa entidade música “Nostalxias” compromiso con el Quijote, encontros “conciencia para no olvidar lo nuestro” realización audiovisual e visita a Sargadelos”.

**3º.-** Notifíquese ao interesado a citada decisión de inicio de procedemento de perda de dereito con indicación da posibilidade de efectuar, no prazo de 15 días, as alegacións que considere apropiadas aos seus dereitos e lexítimos intereses, así como aportar a documentación que, aos mesmos efectos, considere apropiada.

A Deputada que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**21.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVICIOS ESPECIAIS DE D. MANUEL CUTRÍN DOMÍNGUEZ.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“O funcionario de carreira e titular do posto de Director da Asesoría Xurídica desta Deputación Provincial de Lugo, Don Manuel Cutrín Domínguez, ten comunicado, mediante escrito, de 30 de setembro de 2019, que foi nomeado titular de órgano directivo municipal: Director da Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela, por Acordo da Xunta de Goberno Local do dito Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de setembro de 2019; e que tomará posesión do dito cargo con efectividade do 1 de outubro do 2019.

Achega co seu escrito da Secretaría do Concello de Santiago de Compostela, que literalmente sinala: “a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos seus membros presentes:

Nomear a D. Manuel Cutrín Domínguez como Director da asesoría xurídica municipal, por ser o candidato máis idóneo dos presentados en relación aos criterios recollidos nas bases da convocatoria, e tendo en conta as seguintes circunstancias que concorren no candidato

(...)”

No citado escrito do funcionario manifesta:

“Que tal posto ten a consideración de alto cargo a todos os efectos establecidos no corpo normativo de función pública, cos efectos automáticos que de tal consideración se derivan para os funcionarios públicos.

O que se traslada aos efectos oportunos, quedando á súa enteira disposición”.

Tomando en consideración que as situacións administrativas do persoal funcionario das Administracións Locais, conforme ao disposto no artigo 140 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local, regularanse polo disposto na normativa básica estatal, é dicir, polo establecido no Título VI do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma, concretamente polo previsto no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Considerando que, segundo o contido do informe do Servizo de Recursos Humanos, de 7 de outubro de 2019, conforme ao previsto nos artigos 87.1 f) do EBEP e 167 f) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG), o persoal funcionario de carreira será declarado na situación de servizos especiais cando desempeñe responsabilidades como directivos locais.

Tendo en conta canto antecede, na miña condición de Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, proponho que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 56, de 10 de marzo do 2011), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar en situación administrativa de servizos especiais ao funcionario de carreira Don Manuel Cutrín Domínguez, Director da Asesoría Xurídica, Grupo A, Subgrupo A1, cos efectos legais e administrativos que se sinalan para estes supostos no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, con efectividade do día 1 de outubro de 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.



**23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e dous minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.